

Asociacións de Ribadeo trasladan á candidatura do PSOE o seu descontento pola falla de transparencia, trabas á participación cidadá e mala xestión do goberno local

Así o fixeron nunha serie de xuntanzas durante esta fin de semana organizadas con membros da lista socialista que lidera Roberto Ramos, co fin de detectar as necesidades e inquiredanzas dos cidadáns

Segundo anunciou o alcaldable, os encontros continuarán durante as vindeiras semanas previas ao inicio da campaña electora co obxectivo de “analizar a situación real do noso concello”

“Escoitamos con atención todas as queixas e incorporaremos ao noso programa accións concretas para solucionar moitos dos problemas que nos comentaron. Gobernar co pobo é o noso obxectivo, dende a proximidade e a humildade. Esa é e será a nosa fórmula”, engadiu Ramos

RIBADEO, 20 DE ABRIL DE 2015.- O candidato socialista á alcaldía de Ribadeo -Roberto Ramos Piñeiro- e outros membros da lista, reuníronse durante a pasado fin de semana cos responsables de diversas asociacións do municipio. Nestes encontros, que continuarán nos vindeiros días cos representantes doutros colectivos, recolleron numerosas queixas pola labor do goberno local, sobre todo, debido á falla de transparencia, as trabas á participación cidadá e a xestión desordenada dos recursos municipais.

O alcaldable explicou que “realizamos diversas reunións con asociacións de varias parroquias e diferentes colectivos co fin de detectar as necesidades e inquiredanzas dos cidadáns. Estes encontros continuarán durante as vindeiras semanas, previas ao inicio da campaña electoral”. Segundo Roberto Ramos “a idea é analizar a situación real do noso concello” e engadiu que “nos atopamos cun descontento xeneralizado sobre a xestión do equipo de goberno, sobre todo pola falta de transparencia, as trabas á participación cidadá, a xestión desordenada dos recursos municipais, o desequilibrio de investimentos entre a vila e as parroquias, ...”

Programa aberto á cidadanía

Por outra banda, “algúns representantes dos colectivos cos que nos reunimos propuxéronnos a substitución das multas dalgunhas sancións municipais por traballos sociais, o que incorporaremos ao noso programa”, explicou Roberto Ramos.

O alcaldable do PSdeG-PSOE en Ribadeo engadiu: “Escoitamos con atención todas as queixas e incorporaremos ao noso programa accións concretas para solucionar moitos dos problemas que nos comentaron. Gobernar co pobo é o noso obxectivo, dende a proximidade e a humildade. Esa é e será a nosa fórmula”.